



MENSAXE DE NADAL

■ O nadal é momento de reflexión, de repaso... e tamén de novos propósitos e proxectos!!

Dende este boletín informativo a Corporación Municipal de Vedra agradece todas e cada unha das numerosas iniciativas colectivas que nos acompañaron no ano que remata e alentavos a manter este dinamismo e ilusión para o que chega!

E para toda a veciñanza os nosos mellores desexos para este Nadal!!

O CAMIÓN DA MAXIA DO MAGO ANTÓN ESTARÁ O SÁBADO 15 DE DECEMBRO NA ESTACIÓN DO TREN DE SANTA CRUZ

■ O espectacular camión da maxia chega a Vedra! Todo un día para gozar da maxia e a ilusión.

Unha cita para toda a familia que non vos debedes perder!!



DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

AXENDA PARA O MES DE DECEMBRO

- Entrega de premios do IV Concurso de Tarxetas de Nadal
- Dinamización Lingüística Baobah Teatro

AXENDA ASOCIATIVA PARA DECEMBRO

- Concerto de Nadal da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.
- Concerto da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

No interior toda a información e axenda para gozar do Nadal en Vedra

SIGAMOS SENDO + DE 5000

Se es de Vedra,
se vives en Vedra...
EMPADRÓATE EN VEDRA!!
SIGAMOS SENDO + de 5000!!



Excursión a Allariz da terceira idade.



Baile e magosto da terceira idade.



Entrega de 30 novos composteiros en Vedra.



Charla prevención de incendios en San Xián.



Presentación do documental Vedra, un río de vida.



Curso Lingua de Signos impartido pola Asociación de Persoas Xordas.

ASÍ FOI... NAS ASOCIACIÓNS



Il andaina Polo Bo Trato da Asociación Berenguela pola Igualdade.



Pasabodeghas 2018 da Asociación San Campio.

Educación

VEDRA MEDRA CHÁMASE ESTE CURSO EMOCIONA-T

San Matias coas súas artes fai caer o entroido en martes

■ En **Vedra medra** continuamos os martes co **Obradoiro do Entroido rural tradicional**. E xa celebramos a 2ª sesión. Esta vez estivo con nós a xente de San Pedro de Vilanova. Dúas mulleres, Cristina e Carmen, foron as encargadas de instruílos na composición e na interpretación dos atranques.

Contamos tamén co testemuño da primeira xenerala da Ulla, Luzdivina, que veu desde o veciño Boqueixón. E como somos moitos, requirimos a presenza de Suso, que segue a axudarnos maxistral-

mente.

Esta primeira quenda de traballo rematará o martes 27 de novembro. Paramos, porque o mes de decembro a rapazada ten que estudar xa que está á volta da esquina a 1ª avaliación.

O pasado día 16 celebramos tamén o *Día Internacional do Patrimonio Mundial* co cartel que acompaña esta noticia.

Nel están presentes homes e mulleres de Vedra que nos visitaron ao longo destes tres anos de andaina e dos que aprendemos e seguimos a aprender.

Vedra medra, que ten como lema **POR UN PATRIMONIO VIVO!**, é unha aposta que pretende darlles un espazo no ensino obrigatorio ao patrimonio e aos vedreses que

terman del, os de máis idade.

Vaia pois o noso recoñecemento e a nosa gratitude para todos/as os que responderon á nosa chamada.





PRÓXIMA ESTACIÓN. ESPAZO PARA A CREACIÓN E O EMPRENDEMENTO

■ Chega PRÓXIMA ESTACIÓN un proxecto multidisciplinar e diferente que ten como obxectivo principal mostrar dunha maneira orixinal as iniciativas creativas e emprendedoras da xente de Vedra.

Con el o entorno da Estación converterase na fin de semana do 14, 15 e 16 de decembro nun fervedoiro de actividades e accións creativas, emprendedoras, culturais, de diálogo...

Bótalle un ollo á súa completa programación. Un evento que non te podes perder

PROGRAMA

Venres, 14 de decembro

Mañá

12:00: visita do espazo para grupos escolares "primeira parada: pensando no meu futuro".

Tarde

20:00: acto inaugural "Próxima Estación"

- **Presentación YouthNestCrea: Incubadora transnacional de emprendemento creativo no rural europeo – Programa Erasmus+.**
- **Charla Inaugural: "Como emprender en 32 grados", por Modesto Gómez Rodríguez, formador e experto en Marketing.**
- **Mesa redonda sobre experiencia creativas: "un percorrido cheo de vivencias"**
 - Mochi Maceira: especialista en crear marca.
 - Charo López Atelier: artesá cun obradoiro de sombrerería
 - Antón Vázquez: integrante do grupo Aeroespacial da Universidade de Vigo e cofundador de Alén Space
 - Pepe Albela: empresario da marca Galician Original Drinks: Laboratorio de Ideas
- Ao remate, compartiremos experiencias nunha velada coa degustación de produtos locais.

Sábado 15 de decembro

De 12:30 a 20:30 apertura do espazo de mostras "Próxima estación".

Mañá

11:30: **Obradoiro de teatro infantil** impartido por Cristina Collazo -Asociación Papaventos.

12:00: **"BoNadal"**. Obradoiro impartido pola mestra de artes plásticas Lupe G. Cabal. Apartires de 18 anos, ata completar aforo.

12:30: **"Como facer un libro de artista"**, obradoiro impartido polo ilustrador Israel Jiménez Medina. Maiores de 14 anos ata completar aforo.

12:30: **"Construción de cúpulas xeodésicas con impresora 3D"**. Obradoiro impartido polo profesor Fou. A partires de 9 anos, ata 15 persoas.

13:00: **Crecemento persoal no ámbito laboral**, dende o punto de vista da persoa que emprende. Charla interactiva impartida por Dimas Suárez, asesor - +Suárez. Ata completar aforo.

13:30: **Sesión vermú con produtos locais e actuación musical** do grupo de animación +Son.

Tarde

16:00: **"Unha porta a Europa: Oportunidades para a mobilidade: Corpo Europeo da Solidaridade, Erasmus Plus, Salto-Youth Calendar Trainig"**. Charla impartida por Fernando Rodríguez - Técnico da Rede Galega de Dinamización Xuvenil. Público xuvenil, ata completar aforo.

16:30: **"A arte de crear valor de marca: tácticas de guerrilla para mellorar a túa marca e facela máis competitiva"** charla impartida pola experta en marketing Mochi Maceira. Para empresas e futuros/as emprendedores/as, ata completar aforo.

17:30: **Iniciación á Cerámica Artística: Creamos con barro**. Obradoiro impartido por Alba Rodríguez -Colección AR- A partir de 7 anos de idade, ata 10 persoas.

17:30: **"Proxectos Open Source (en código aberto) e introdución ás tendas online (plataforma Pres-tashop)"** charla impartida polo profesor Fou. Dirixido a emprendedores/as ata completar aforo.

18:30: **"Alimentación natural: elaboración de fermentados e xerminados (chucrut e xerminado de leguminosas)"**. Obradoiro culinario impartido polas labregas especialistas en agroecoloxía Pura Seoane e Conchi Docampo. A partires de 18 anos.

Noites na Estación

19:30: **Presentación do proxecto LAV:mov** e mostra das curtas da primeira edición da Asociación Senunpeso. Para todas as idades, ata completar aforo.

Continúa na páxina 5

19:30: Degustación do 1º premio Vedra de Tapas 2018 “Croquetas de Polbo á feira” - Bar Barreiro.

19:30: Cata do licor Doctor Zas: bebida picante por Galician Original Drinks: Laboratorio de ideas.

19:30: Música en vivo co compositor Marcos Guitián e creación dun graffiti en directo co artista Marcos Nodar.

20:30: Concertos do grupos O Que Oh! e Píntegha.

Domingo, 16 de decembro

De 11:30 a 20:00 apertura do espazo de mostras “Próxima estación”.

Mañá

11:30: “Xabóns naturais” obradoiro impartido pola creadora de produtos naturais Eva María Castiñeiras Rico. A partires de 14 anos de idade, ata completar aforo.

11:30: Obradoiro de coparticipación xuvenil: **debullando a Vedra na que queres vivir.** Imparte Alberto Fontenla, técnico da Rede Galega de Dinamización Xuvenil. Público xuvenil, ata completar aforo.

12:00: “Decoración de Nadal”. Obradoiro impartido pola creadora M^a Carmen Gaiteiro Moure -Nobelo a Nobelo- De 6 a 10 anos de idade, ata 10 persoas.

12:00: Ruta interpretativa pola contorna que presenta un proxecto con enfoque no medio rural: GEO (Galicia, Eventos e Ocio). Para todas as idades ata completar aforo.

12:30: Crecemento persoal no ámbito laboral, dende o punto de vista da persoa empregada. Charla interactiva imparida por Dimas Suárez, asesor - +Suárez. Ata completar aforo.

13:00: Obradoiro de coparticipación xuvenil: **debullando a Vedra na que queres vivir.** Imparte Alberto Fontenla, técnico da Rede Galega de Dinamización Xuvenil. Público xuvenil, ata completar aforo.

13:00: Visita guiada e explicativa polo entorno da estación con Fermín Blanco, arquitecto do espazo.

13:30: Presentación da didáctica do proxecto “Repensando a Escola” co arquitecto Fermín Blanco -proxecto CEIP Ortigueira (Santa Cruz de Ribadulla) ata completar aforo.

14:00: Sesión vermú con produtos locais e actuación musical do grupo **Rivadulla Sax** da escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla do Concello de Vedra.

Tarde

16:00: **Iniciación ao bordado ao aire.** Obradoiro impartido por María Lobato -Mailo-. Maiores de 18 anos, ata completar aforo.

16:00: “Emulando a Luís Seoane”. Obradoiro impartido pola deseñadora gráfica Isa Albela -A Mueblería- De 4 a 8 anos de idade. Ata 10 persoas.

16:00: **Iniciación á escultura.** Obradoiro impartido por Delio Sánchez para público xuvenil, ata completar aforo.

17:00: **Presentación do libro “El vals de las hormigas”** -Ana Valín García- Para todas as idades, ata completar aforo.

17:00: **Retoque fotográfico dixital con móbil** (de utilidade para as redes sociais, obradoiro impartido por Pedro Maceira, creativo en 4bajocero. A partires de 14 anos de idade, ata 12 persoas.

17:30: **Presentación do documental: Vedra, un río de vida,** sobre a industria e a actividade económica no Concello de Vedra.

18:00: **Obradoiro de luz** impartido pola Asociación Papaventos. A partires de 18 anos, ata 8 persoas.

19:00: **Presentación de Artekille, proxección audiovisual** dun proxecto creativo iniciado pola directora de cina Marisa Otero. Para tódolos públicos ata completar aforo.

19:30: Degustación do 2º premio Vedra de Tapas 2018 “Larpeirada Mariñeira” -O Fogar do Avó-.

20:00: Clausura.

Mostra con postos de diferente sectores nas xornadas do 15 e 16. Para mirar, mercar, coñecer, descubrir, compartir, asesorarte e moito mais! Durante toda a xornada do sábado contaremos co CAMIÓN DA MAXIA DO MAGO ANTÓN. Contaremos con servizo de cafetería.

INSCRICIÓNS nas actividades con aforo limitado no 981 814 691 ou no enderezo electrónico cultura@concello-devedra.com ata o xoves 13 de decembro ás 14:00 h.

Chegou o Nadal...

Festas de nadal nas escolas de Vedra

Venres 14, ás 16:00 h. na Casa das Artes de Vedra, festival da EIM de Vedra.

Xoves 20 ás 15:00 h. na Casa da Cultura de Santa Cruz de Ribadulla, festival de nadal do CEIP Ortigueira.

Venres 21 no CPI de Vedra, festa de nadal en horario escolar.

Venres 21 pola tarde, Festival do CRA Boqueixón - Vedra.

Propostas de Nadal das Asociacións

Trofeo solidario de Judo de Nadal Concello de Vedra

- **Data:** Sábado 15 de decembro de 2018
- **Lugar e hora:** no pavillón municipal ás 10:00 h.
- **Organiza:** Judo Vedra



Festival de Nadal da Escola de Música Santa Cruz de Ribadulla

- **Data:** Domingo 23 de decembro.
- **Lugar e hora:** Na Casa da Cultura de Santa Cruz de Santa Cruz ás 18:00 h.
- **Organiza:** Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



Concerto de Nadal da Banda de Música Santa Cruz de Ribadulla

- **Data:** Domingo 30 de decembro.
- **Lugar e hora:** Na Casa da Cultura de Santa Cruz de Santa Cruz ás 12:15 h.
- **Organiza:** Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.



O Nadal de Vedra

Festival de Nadal Coraís

- **Data:** Sábado 15 de decembro.
- **Lugar e hora:** Na Casa da Terceira Idade ás 19:00 h.

Xantar de Confraternidade - Baile Fin de Ano

- **Data:** Sábado 22 de decembro.
- **Lugar e hora:** Na Casa da Terceira Idade ás 14:00 h.

Torneo de Xadrez no Nadal en Vedra

- **Data:** Sábado 22 de decembro.
- **Lugar e hora:** Na Biblioteca de Vedra ás 17:00 h.


Actividade gratuíta e aberta ao público en xeral.
Inscripcións por whatsapp no teléfono 633 447 674.
Información no departamento de cultura 981 814 691.

Proxección da película "Sicixia. Paseo polo amor e a Costa da Morte"

- **Data:** Venres 28 de decembro.
- **Lugar e hora:** No Centro Social de Vedra ás 19:00 h.
- Por cortesía da produtora "Vía Láctea"

Tarde de cine familiar coa película "O Espírito do Bosque"

- **Data:** Sábado 29 de decembro.
- **Lugar e hora:** No Centro Social de Vedra ás 18:00 h.
- Grazas ao Programa Rede Cultural 2018.



Ao remate.

Entrega de
premios do IV
Concurso de
Tarxetas de
Nadal

Ludonadal

De martes a venres en horario de mañá na ludoteca municipal, agás nas festividades.

Con actividades, obradoiros, ... e moitas sorpresas para pasar un nadal diferente.

+ info e reserva de prazas no 981 814 693

Espectáculo infantil "Puño Puñete" de Baobab Teatro

- **Data:** Xoves 3 de xaneiro.
- **Lugar e hora:** No Centro Social de Vedra ás 18:00 h.
- Grazas ao programa Falaredes da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



IV Carreira Nocturna Solidaria

- **Data:** 12 de xaneiro.

IV CARREIRA NOCTURNA SOLIDARIA XIV CARREIRA POPULAR DE VEDRA II ANDAINA SOLIDARIA

12 de XANEIRO de 2019 Pavillón Municipal de Vedra

Ás 18:30 h.:
CARREIRA ABSOLUTA E XUVENIL: 6.500 m.

Ás 18:40 h.:
ANDAINA SOLIDARIA: 5000 m.

Menores de 12 anos deben ir
acompañados dunha persoa adulta.

A partir das 19:30 h. CARREIRAS MENORES:

CADETE- INFANTIL: 1.800 m.

ALEVIN- BENXAMIN: 1.000 m.

PREBENXAMIN: 200 m.

Inscripcións: ata as 23:59 h.
do mércores 9 de xaneiro de 2019
na páxina vedrasolidario.galitiminge.com

Información no teléfono 981 814 691.



Concello
de Vedra

JUN SPORTS

Galitiming

Galitiming





DISTANCIAS LEGAIS PARA PLANTACIÓNS FORESTAIS

■ Nos últimos meses o Concello recibiu numerosas consultas en relación ás distancias para plantacións forestais, por este motivo achegamos información de interese sobre estas.

	Piñeiro, Eucalipto, Mimosa (outras especies da D.A. III da Lei de incendios)	FRONDOSAS (carballo)
Con edificacións, vivendas, límite de solo urbano, de núcleo rural e urbanizable	50 metros 50 metros (libres de maleza)	15 metros
Con solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros	10 metros
Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados como de especial protección	10 metros	4 metros
Con outras parcelas forestais	2 metros	2 metros
Con pistas forestais principais e vías municipais (vías con 5 ou máis metros de ancho, asfaltadas ou non)	6 metros	2 metros
Con vías principais (autoestradas, autovías, estradas convencionais ou liñas de ferrocarril) dende o límite do dominio público	10 metros	4 metros
Con liñas eléctricas, infraestruturas de telecomunicacións e depósitos de gas	5 metros (maleza e árbores)	5 metros (maleza e árbores)
Con canles fluviais de máis de 2 metros de ancho	15 metros	5 metros

**As distancias no caso de edificacións mediranse dende o seu paramento. Para o caso das vías principais o cálculo farase dende o límite do dominio público que se establece en 8 metros a cada lado no caso de autoestradas e autovías e 3 metros no resto de estradas.*

PROHIBICIÓNS:

- Quedan prohibidas as repoboacións forestais en solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e solo rústico de especial protección agropecuaria.
- Non se poderán realizar plantacións de eucalipto nas superficies poboadas por especies de frondosas do Anexo I da Lei de incendios (por ex. carballos), mesmo despois do seu aproveitamento ou afectación por incendio forestal.
- As novas plantacións de eucalipto de máis de 5 hectáreas requirirán autorización da administración autonómica.
- Queda totalmente prohibida a plantación de acacia en calquera tipo de solo, incluído o forestal.

Normativa vixente:

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (modificada)
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (modifica a Lei de incendios)
- Lei 9/2017, de 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (modifica a Lei de incendios)
- Instrucción 1/2018, do 26 de abril, da Consellería do Medio Rural

MEDIO RURAL

Servizos Sociais

VEDRA EDUCA

■ Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos/as menores de 3 anos do concello de Vedra.

Trátase de traballar coas familias na procura de:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos e das menores de 3 anos.

- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do ambiente familiar como elementos educativos.



- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

O desenvolvemento do programa realizarase durante o curso 2016-2017 a través de actividades eminentemente prácticas que se desenvolverán a través de

distintas sesións.

ANÍMÁDEVOS A PARTICIPAR!

Para participar e máis información no 699-041-486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellovedra.com

ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ Teatro a maiores: "Contos de zapatilla"

Domingo 2 de decembro ás 18:00 h. no Centro Social.

Representada polo grupo de teatro de maiores do Centrol Social de Vedra.

■ Circuito Termal nas Termas de Outariz

Mércores 5 de decembro.

Prezo: 25 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)

Programa: pola mañá trata-

mento termal, xantar, visita e regreso. (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 21 de novembro no teléfono 981 814 695. As prazas e número de asento adxudicaránse por rigorosa orde de inscrición)

■ Bingo de Nadal

Xoves 13 de decembro ás 20:00 h.

■ Festival de Nadal de Corais

Sábado 15 de decembro ás 19:00 h.

■ Xantar de confraternidade-Baile de fin de ano

Sábado 22 de decembro ás 14:00 h.

Prezo: 25 €

Concurso Miss e Mister Elegancia, campanadas, baile...

Actuación Musical

■ Obradoiro "Flores de crocha"

Todos os martes de decembro de 18 a 20 h.

LUDOTECA

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar as vacacións de Nadal para traballar a educación en valores a través do xogo.

O xogo é unha oportunidade para desenvolver, afianzar, habilidades e expoñer o sistema de valores individuais e da comunidade, por esta razón desenvolveremos diversas actividades que tratarán de incidir en aspectos como : a coeducación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a solidariedade, o respecto ás diferencias etc.

Con esta intención, plantexamos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro de xogos tradicionais
- Obradoiro de adornos de Nadal
- Obradoiro de educación "consumo responsable"
- Obradoiros de maxia
- Visita de Papa Noel
- SuperChef
- Gran festa despedida de ano
- E moitas sorpresas máis!!!

Durante as vacacións de Nadal a Ludoteca a través do proxecto Conxuga de conciliación tendrá o seguinte horario:

- De luns a venres de 8:30 a 14:30 h. excepto festivos
- O resto do mes o horario continuará con normalidade: de luns a xoves de 17:00 a 20:00 h. e venres de 15:00 a 20:00 h.

Anímate e disfruta o Nadal connosco!

Para calquera información poñerse en contacto no teléfono 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellovedra.com





VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

■ Un home viola a unha muller, iso é violencia. Unha muller gaña menos que un home no mesmo posto de traballo, iso é violencia. Un adolescente maltrata á súa noiva, iso é violencia. Un grupo de amigos grítalle cousas a unha muller só para demostrar a súa “hombría”, iso é violencia. Un home cre que “a súa” muller é “o seu” obxecto, iso é violencia. E todo iso é responsabilidade nosa. De todos e todas.

Cada 25 de novembro celébrase en todo o mundo o Día Internacional contra a Violencia cara ás Mulleres. Esta data conmemora o asasinato das tres irmás Mirabal, o 25 de novembro de 1960, militantes opositoras á ditadura que exerceu, por máis de 30 anos, Leónidas Trujillo na República Dominicana.

Segundo a “Declaración sobre a Eliminación da Violencia Contra a Muller”, emitida o 20 de decembro de 1993, **“enténdese por violencia contra a muller a todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada”.**

Por este motivo, durante o mes de novembro desenvolvemos distintas actividades:

- Ximcana para a prevención da violencia de xénero
- Estudo “percepción da violencia de xénero dende a adolescencia”
- Cineforum “Corta coa Violencia”
- Dinámica grupal no centro social da terceira idade “MENOS MITOS MÁIS IGUALDADE”

TI PODES CAMBIARLAS COUSAS PARTICIPA!

Para máis información: telf. 699 041 486 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

MenosMitosMáisIgualdade

“se non es miña non es de ninguén”, “prefiro verte morta que con outro”, “os homes non choran”, “os homes son os que sustentan o fogar”, “as mulleres veñen cun chip para as tarefas da casa”

Iso é xustamente o que tenta derrubar a campaña “Menos Mitos Máis Igualdade”. Inicialmente serán seis os mitos que buscan transformar as crenzas e prexuízos que perpetúan as relacións desiguais e a brecha

de xénero dende todo punto de vista entre homes e mulleres.

Mitos que van sumándose de xeración en xeración como: “se non es miña non es de ninguén”, “prefiro verte morta que con outro”, “os homes non choran”, “os homes son os provedores do fogar”, “as mulleres veñen cun chip para as tarefas da casa”, etc, parecen frases inofensivas, pero son a base das violencias e as discriminacións de xénero.

Esta iniciativa tenta poñer freo e derribar eses mitos, polo que convidamos a diferentes personaxes da vida pública e á comunidade en xeral a que contedes as crenzas que vos inculcaron de nenos e nenas, “De nena dixéronme” “De Neno dixéronme”

Animamos a toda a cidadanía a que envíen eses comportamentos, crenzas ou prácticas que debemos desmitificar o seginte enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.com

Anímate e participa, MenosMitosMáisIgualdade!

MULLERES ASASINADAS ANO 2018



53



SENDEIRISMO

■ Ruta "Cambados - Illa de Arousa" (22 km)

Data: 15 de decembro.

Horarios e puntos habituais de recollida do autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 8:00 h.
- Parada en Lestedo ás 8:10 h.

- Parada no Breixo ás 8:15 h.
- Parada en Hipercor ás 8:20 h.
- Parada na Estación de Autobuses ás 8:30 h.

Información e reservas no 981 814 691 antes do 14 de decembro.

Iniciativas Asociativas

XIV CONCURSO DE CARTEIS TEATROFILIA 2019

■ Lembra que está aberto o prazo para participar do XIV Concurso de Carteis para anunciar a XVI Mostra de Teatro Amador de Vedra, Teatrofilia.

Data límite de presentación dos carteis será o xoves 10 de xaneiro

As bases podes consultalas no facebook da Asoc. Papaventos e na páxina web do Concello de Vedra



Parabéns

...A PEDRO GUITIÁN

■ Polo recoñecemento da Academia das Ciencias da saúde "Ramón y Cajal" á súa traxectoria profesional e ao seu prestixio no ámbito da saúde, sendo doutor en Medicina e Cirurxía pola USC; Odontólogo e especialista en Cirurxía Oral, membro numerario da Sociedade Española de Cirurxía Bucal, membro da American Academy of Implant Dentistry, da American Academy of Periodontology e da European Association for Osseointegration. Un curriculum profesional máis que destacable e polo que non é de extrañar esta mención.



...Á BANDA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA CONCELLO DE VEDRA

■ Por acadar de novo 1º Premio no XII Certame Galego de Bandas de música na Sección Segunda, unha gran xesta resultado do esforzo e do bo traballo deste colectivo que medra e mellora día a día!! Noraboa a mestres, alumnado, directiva e toda a familia da banda!!





...A HUGO DOMÍNGUEZ

■ Pola súa participación no recente Campionato Mundial Cadete de Xadrez realizado na Cidade da Cultura de Santiago, no que houbo máis de 800 participantes de diversas culturas e formas de pensar do globo.

En tan importante cita é de salientar a presenza dun vedrés que conseguiu un excelente resultado con 4 puntos de 11 tras vencer ó representante de Tunisia, Mauricio, Escocia e Rusia. Noraboa!



...A CARINA FRAGOSO

■ Polo seu recoñecemento ao talento recibido pola Federación de Sociedade Españolas de Arxentina.


Froito do seu excelente traballo e con actuacións con artistas tan relevantes como Carlos Núñez ou Lúar na Lubre.



...A SERGIO DOCE PINTADO

■ Por ser unha vez mais todo un exemplo de superación!

Nesta ocasión pola súa victoria no Torneo de Equitación na Feira do San Martiño da Estrada, cunha actuación impecable mostra da súa paixón polos cabalos e do seu bo facer hípico. Nin Sergio, nin a súa familia, nin a súa xente entenden de barreiras e son todo un exemplo de filosofía de vida. A SEGUIR ASÍ SERGIO!!



...A DAMIÁN NEIRA

■ Vedrés que xunto a Anxo Rey acadaron o 1º posto no Campionato de Trial 4x4 de Cantabria. Noraboa!!



Xanela da Lingua



NO NADAL TAMÉN EN GALEGO

■ FalaRedes, acción da Secretaría Xeral de Política Lingüística ofrece actividades en galego para o tempo de lecer coa finalidade de ampliar a variedade do ocio no noso idioma, reforzar a oferta de actividades en galego dos concellos da Rede, pro-

mover o uso e valoración positiva da lingua propia de Galicia e apoiar aos artistas que desenvolvan o seu traballo neste idioma.

Este programa tamén chega a Vedra a través do espectáculo infantil da compañía Baobab Teatro coa

obra "Puño Puñete" que se desenvolverá o 3 de xaneiro no Centro Social de Vedra ás 18 h.



PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.